primario, seguen por debaixo da media estatal.

Xunto ao descenso da ocupación e do desemprego, o **cadro 1.1.11.** *[Mercado de traballo en Galicia e España 2013-14]* reflictea importante caída do número de traballadores afectados por procedementos de regulación de emprego (43,9% menos que no ano anterior), así como un incremento do 0,2%, no número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón (0,8% en España) e un descenso do 0,2% no número de sociedades mercantís creadas no último ano, fronte ao incremento do 0,8% de media estatal.

Marco orzamentario

Os Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobados en decembro pola Lei 11/2014, de Orzamentos Xerais para 2015, aséntanse na previsión dun escenario macroeconómico que estima un crecemento para 2015 similar ao nacional. Estas previsións susténtase na recuperación do sector industrial, nun bo comportamento tanto das exportacións como do gasto das administracións, o que se prevé compense o peor comportamento da demanda interna en Galicia, en comparación coa media estatal.

Ao abeiro da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, acordouse un límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da C.A. para o exercicio 2015, de 8.436 millóns de euros. Porén, o gasto non financeiro consolidado de 2015 supón unha suba do 0,54% en relación ao orzamento de 2014 (44 millóns de euros máis).

Os ingresos totais consignados no Orzamento de 2015 ascenden a 9.790 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 8.076 millóns de euros.

A asignación financeira do Orzamento de

Orz

Funcións
1 Actuacións de carácter xeral
11 Alta dirección da Com. Autónoma
12 Administración Xeral
13 Xustiza
14 Administración local
15 Normalización lingüística
2 Protección civil e seguranza cidadá
23 Protección civil e seguridade
3 Protección e promoción social
31 Acción social el promoción social
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento
4 Produción de bens públicos de carácter social
41 Sanidade
42 Educación
43 Cultura
44 Deportes
45 Vivenda
46 Outros servizos comunit. e sociais
5 Producción de bens públ. de carácter económico
51 Infraestructuras
52 Ordenación do territorio
53 Promoción do solo para actividades económicas
54 Actuacións ambientais
55 Actuacións e valorización do medio rural
56 Investigación, desenvolvemento e innovación
57 Sociedade da información e do coñecemento
58 Información estatística básica
6 Regulación económica de carácter xeral
61 Actuacións económicas xerais
62 Actividades financeiras
7 Regulación económica de sectores productivos e dto. empresarial
71 Dinamización económica do medio rural
72 Pesca
73 Industria, enerxía e minaría
74 Desenvolvemento empresarial
75 Comercio
76 Turismo
8 Transferencias a entidades locais
81 Transferencias a entidades locais
9 Débeda pública
91 Débeda pública
Total

(1) proxecto de orzamento 2015
Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.16.

2015 prioriza os gastos atendendo aos eixes e obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020, que se segue empregando, xa que o novo plan estratéxico será plenamente coherente co que rematou no pasado 2014, así como co novo período de programación dos fondos europeos.

zamento consolidado de gastos da C.A. 2014-15: distribución funcional (1)

	2014			2015			13/12	14/13	15/14
	(en miles de euros)	(% / total)	(% / PIB)	(en miles de euros)	(% / total)	(% / PIB)		(%)	
	211.454	2,1	0,4	231.480	2,4	0,4	-6,2	0,9	9,5
	34.732	0,3	0,1	34.802	0,4	0,1	-5,4	-4,5	0,2
	55.052	0,5	0,1	63.405	0,6	0,1	-14,7	1,9	15,2
	110.214	1,1	0,2	114.184	1,2	0,2	0,3	4,3	3,6
	4.377	0,0	0,0	12.349	0,1	0,0	-43,3	17,5	182,1
	7.080	0,1	0,0	6.740	0,1	0,0	-23,1	-5,0	-4,8
	19.562	0,2	0,0	33.585	0,3	0,1	-17,4	-5,4	71,7
	19.562	0,2	0,0	33.585	0,3	0,1	-17,4	-5,4	71,7
	752.388	7,3	1,4	768.458	7,8	1,4	-18,6	-2,0	2,1
	565.294	5,5	1,0	571.208	5,8	1,0	-6,8	0,7	1,0
	182.951	1,8	0,3	193.107	2,0	0,3	-39,6	-9,6	5,6
	4.143	0,0	0,0	4.144	0,0	0,0	-35,6	0,0	0,0
	5.654.386	55,0	10,4	5.678.947	58,0	10,3	-5,2	-1,1	0,4
	3.397.080	33,0	6,3	3.408.721	34,8	6,2	-3,2	-0,6	0,3
	2.046.716	19,9	3,8	2.048.218	20,9	3,7	-6,1	-1,0	0,1
	61.273	0,6	0,1	57.944	0,6	0,1	-21,6	-1,5	-5,4
	18.273	0,2	0,0	18.548	0,2	0,0	-12,1	-1,5	1,5
	32.503	0,3	0,1	41.393	0,4	0,1	-44,0	-34,8	27,4
	98.541	1,0	0,2	104.123	1,1	0,2	-7,4	-4,2	5,7
	747.618	7,3	1,4	762.778	7,8	1,4	-10,7	1,0	2,0
	268.812	2,6	0,5	264.021	2,7	0,5	-11,9	-4,7	-1,8
	17.276	0,2	0,0	16.340	0,2	0,0	-22,5	-14,5	-5,4
	44.051	0,4	0,1	43.619	0,4	0,1	319,5	158,6	-1,0
	97.083	0,9	0,2	89.831	0,9	0,2	-19,1	-13,4	-7,5
	115.069	1,1	0,2	137.121	1,4	0,2	-15,9	7,7	19,2
	112.551	1,1	0,2	122.185	1,2	0,2	-12,2	9,1	8,6
	88.677	0,9	0,2	85.687	0,9	0,2	3,9	-6,2	-3,4
	4.100	0,0	0,0	3.972	0,0	0,0	-8,7	-4,1	-3,1
	112.616	1,1	0,2	120.616	1,2	0,2	2,3	22,3	7,1
	27.929	0,3	0,1	27.369	0,3	0,0	12,7	-11,0	-2,0
	84.687	0,8	0,2	93.247	1,0	0,2	-2,4	39,5	10,1
	594.795	5,8	1,1	561.936	5,7	1,0	-8,0	-15,3	-5,5
	307.992	3,0	0,6	308.653	3,2	0,6	0,2	-6,2	0,2
	78.483	0,8	0,1	53.896	0,6	0,1	-17,7	-28,1	-31,3
	38.213	0,4	0,1	39.896	0,4	0,1	-16,8	-14,2	4,4
	111.346	1,1	0,2	103.183	1,1	0,2	-7,0	-32,7	-7,3
	15.529	0,2	0,0	13.407	0,1	0,0	-12,4	-16,3	-13,7
	43.232	0,4	0,1	42.901	0,4	0,1	-28,7	20,5	-0,8
	117.412	1,1	0,2	117.461	1,2	0,2	-2,7	-1,0	0,0
	117.412	1,1	0,2	117.461	1,2	0,2	-2,7	-1,0	0,0
	2.071.115	20,1	3,8	1.515.101	15,5	2,7	33,7	86,4	-26,8
	2.071.115	20,1	3,8	1.515.101	15,5	2,7	33,7	86,4	-26,8
	10.281.347	100	19,0	9.790.362	100	17,7	-3,8	8,5	-4,8

Neste senso, os Orzamentos para o exercicio 2015 pretenden ser coherentes cos cinco obxectivos que a UE ten por obxecto acadar no 2020:

– Acadar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos.
– Investir un 3% do PIB na investigación e o desenvolvemento.
– Reducir nun 20% as emisións de carbono e aumentar o consumo de enerxías renovables.
– Reducir a taxa de abandono escolar e aumentar a taxa de titulados de ensino superior.
– Reducir en 20 millóns o número de persoas en risco de pobreza e exclusión social.

Co obxecto de acadar unha maior eficiencia no cumprimento dos obxectivos orzamentarios, apróbase a lei 12/2014, de 22 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

A dita Lei de acompañamento introduce varias novidades, entre as que destacan as modificacións no ámbito tributario, en concreto, en relación ao IRPF, modifica a dedución por nacemento e adopción, e duplica a dedución de vivenda cando a persoa contribuínte tivese dous ou máis fillos; establécense tamén dúas novas deducións, unha por doazóns que teñan por finalidade a investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica, e outra dedución pola instalación na vivenda habitual de sistemas de climatización que empreguen fontes de enerxía renovables.

Por outra banda, o texto legal tamén modifica o tipo autonómico de devolución de gasóleo de uso profesional do Imposto sobre Hidrocarburos.

No que se refire aos tributos propios, modifícase o Imposto sobre contaminación atmosférica e créase o Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro.

Finalmente destacar no ámbito normativo, que no que respecta ao cumprimento das disposicións en canto a medidas preventivas, correctivas e coercitivas da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF), o orzamento para 2015 de Galicia, dotou o Fondo de Continxencia con 125,24 millóns de euros que, con carácter excepcional, poderá empregarse para financiar os axustes do capítulo 1, derivados da recuperación da paga extraordinaria e adicional do ano 2012.

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para 2015 ascendeu a 9.970,4 millóns de euros, un 4,8% (en torno a 491 millóns de euros) menos que o aprobado no exercicio anterior, o que representa o 17,7% do PIB galego estimado para 2015 e supón 3.561,8 euros/habitante (**cadro 1.2.16.**).

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos. Esa situación de equilibrio acádase mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan información básica sobre o alcance e composición dos orzamentos.

Analízase a continuación, de xeito breve, a evolución dos principais datos económicos do orzamento recollidos no **cadro 1.2.17.**

Os ingresos non financeiros no orzamento de 2015 aumentaron en 321,78 millóns de euros, un 4,8% máis que no exercicio precedente, acadando os 8.022 millóns de euros.

Os ingresos correntes aumentaron un 4%, 287 millóns de euros. O Imposto sobre Sucesións e Doazóns incrementouse un 2,5% e tamén aumenta, ata os 58,7 millóns de euros, o Imposto sobre o Patrimonio un 24,4% debido á inclusión de novas bases derivadas da declaración tributaria especial e ás declaracións de bens no estranxeiro. A aparición do Imposto sobre Depósitos en Entidades de Crédito supón un incremento do concepto Resto do Capítulo 1 de 17 millóns de euros.

No que respecta ao Capítulo II, increméntanse tanto o Imposto especial sobre determinados medios de transporte como o tramo autonómico do Imposto sobre hidro-

Orzamentos da C.A. 2014-15: principais datos económicos

	2014	2015	15/14
	(en miles de €)		*(%)*
Ingresos			
1. Impostos directos	1.908.115,0	2.014.898,6	5,6
Imposto sobre Sucesións e Donacións	173.070,3	177.489,9	2,6
Imposto Renda Persoas Físicas	1.687.890,7	1.761.748,7	4,4
Imposto sobre o Patrimonio	47.154,0	58.660,0	24,4
Resto capítulo 1	-	17.000,0	-
2. Impostos Indirectos	2.889.771,8	3.069.164,0	6,2
Imposto s/Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados	228.203,0	223.215,6	-2,2
Imposto sobre o valor engadido	1.600.802,7	1.782.597,2	11,4
Impostos especiais	960.402,9	959.962,4	-0,0
Resto capítulo 2	100.363,2	103.388,8	3,0
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	165.574,2	177.012,4	6,9
4. Transferencias Correntes	2.226.357,6	2.221.410,8	-0,2
Fondo de Superficie Global	161.927,8	175.507,6	8,4
Fondo de Garantía	1.024.667,2	1.096.427,9	7,0
Fondos de Converxencia	248.580,0	259.080,0	4,2
Resto capítulo 4	791.182,7	690.395,3	-12,7
5. Ingresos Patrimoniais	24.058,1	18.884,5	-21,5
Operacións correntes	7.213.876,7	7.501.370,3	4,0
6. Enaxenación Inversións Reais	12.768,3	10.263,3	-19,6
7. Transferencias de Capital	473.725,9	510.516,2	7,8
Fondo de compensación interterritorial	62.996,7	58.894,2	-6,5
Resto capítulo 7	410.729,2	451.622,0	10,0
Operacións de capital	486.494,2	520.779,5	7,0
Operacións non financeiras	7.700.370,9	8.022.149,8	4,2
8. Activos financeiros	19.470,6	14.417,5	-26,0
9. Pasivos financeiros	2.507.405,6	1.699.811,3	-32,2
Total	10.227.247,2	9.736.378,6	-4,8
Gastos			
1.Gastos de persoal	3.366.915,7	3.382.029,2	0,4
2. Gastos correntes de bens e servizos	1.364.211,5	1.387.757,9	1,7
3. Gastos financeiros	351.663,7	335.914,0	-4,5
4. Transferencias correntes	1.941.188,1	1.960.344,4	1,0
5. Fondo de continxencia	105.000,0	125.238,6	19,3
Operacións Correntes	7.128.978,9	7.191.284,0	0,9
6. Investimentos reais	666.596,7	698.053,2	4,7
7. Transferencias de capital	540.822,1	492.043,8	-9,0
Operacións de Capital	1.207.418,8	1.190.097,1	-1,4
Operacións non financerias	8.336.397,7	8.381.381,0	0,5
8. Activos financeiros	140.379,0	146.662,5	4,5
9. Pasivos financeiros	1.750.470,4	1.208.335,1	-31,0
Total	10.227.247,2	9.736.378,6	-4,8

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

carburos. Polo contrario, o Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados experimenta un descenso do 2,2%, a causa do comportamento esperado da parte correspondente aos actos xurídicos documentados.

O Capítulo III (taxas, prezos públicos e outros ingresos) aumenta nun 6,9% en relación ao exercicio precedente, a causa do incremento de recadación previsto no Sergas.

Os ingresos de capital aumentan un 7% (en torno a 34 millóns de euros), como consecuencia fundamentalmente do comportamento das transferencias de capital que medran un 7,8%, a causa do incremento do aporte FEDER (46 millóns de euros máis que

Magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2015: relación cos saldos en Contabilidade Nacional

	Déficit (-) ou Superávit (+) orzamentario non financeiro		Déficit orzamentario non financeiro sen efecto Liq.Negat. 2008 e 2009, Conta 413 e inexecución		Capacidade (+) ou Necesidade (-) de financiación a efectos S.E.C.	
	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional
	(en miles de €)		*(en miles de €)*		*(en miles de €)*	
Andalucía	-1.244.949,0	-0,8	-697.375,2	-0,5	-1.031.949,0	-0,7
Aragón	-364.534,0	-1,1	-236.158,6	-0,7	-235.634,0	-0,7
Asturias	-168.152,2	-0,8	-136.152,2	-0,6	-160.152,2	-0,7
Baleares	-371.482,5	-1,4	-286.482,5	-1,0	-194.953,1	-0,7
Canarias	-386.712,4	-0,9	-228.392,4	-0,5	-294.372,4	-0,7
Cantabria	-124.622,8	-1,0	-105.502,8	-0,8	-89.502,8	-0,7
Castela - A Mancha	-488.169,3	-1,2	-227.040,6	-0,6	-263.840,6	-0,7
Castela e León	-457.906,9	-0,8	-384.033,6	-0,7	-399.981,6	-0,7
Cataluña	-1.753.664,2	-0,9	-1.505.994,2	-0,7	-1.439.849,2	-0,7
Estremadura	-209.700,0	-1,2	-101.912,9	-0,6	-118.325,1	-0,7
Galicia	-359.231,3	-0,6	-274.231,3	-0,5	-403.231,3	-0,7
Madrid	-341.324,5	-0,2	-11.303,5	0,0	-1.367.903,5	-0,7
Murcia	-330.343,3	-1,2	-301.092,0	-1,1	-192.750,2	-0,7
Navarra						
País Vasco	-525.298,6	-0,8	-389.798,6	-0,6	-469.500,0	-0,7
A Rioxa	-96.206,0	-1,2	-45.856,0	-0,6	-45.356,0	-0,6
C. Valenciana	-848.911,3	-0,8	-677.335,5	-0,7	-698.335,5	-0,7
Total sen Navarra	-8.071.208,2	-0,7	-5.608.661,8	-0,5	-7.405.636,3	-0,7

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.18.

no exercicio anterior), que compensa os menores ingresos procedentes do IFOP/FEP (22 millóns de euros menos).

Por outra banda, os gastos non financeiros presentan unha evolución positiva do 0,54%, o que supón 45 millóns de euros máis que no ano 2014. Esta evolución é consecuencia do incremento do 0,87%, 62,3 millóns de euros, nas operacións correntes.

O incremento que se observa no Capítulo 1 (gastos de persoal), 15 millóns de euros máis, atribúese á dotación para a substitución de persoal ao servizo da Administración de xustiza, polo incremento do persoal docente e do persoal de orientación laboral.

Os gastos correntes en bens e servizos (Capítulo II) incrementa o seu importe en 23,5 millóns de euros. Así mesmo, dentro dos gastos correntes é destacable o descenso en máis de 15 millóns de euros dos gastos financeiros.

As transferencias correntes aumentan o seu crédito en máis de 19 millóns de euros, destacando neste punto o aumento de 8 millóns de euros nos créditos destinados a cubrir os pagos da renda de integración social de Galicia. Así mesmo salienta o descenso en torno a 6 millóns de euros das transferencias para cubrir os gastos en farmacia por receitas médicas.

Fronte ao descenso das transferencias de capital, 49 millóns de euros menos, o capítulo de investimentos reais aumenta, 31 millóns de euros máis.

Por todo o sinalado, o déficit do orzamento non financeiro ascende a 359 millóns de euros, que cos axustes de contabilidade nacional presentados no Informe Económico e Financeiro do Proxecto de Orzamentos 2015, acadaría o 0,7% do PIB, compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para Galicia (**cadros 1.2.18.** e **1.2.19.**).

Necesidade de financiamento da C.A. 2015

	(en miles de €)
Saldo orzamentario	-3.599.231,3
Axustes conforme as normas SEC	-44.000
Liquidacións negativas do sistema de financiación	85.000
Intereses	-10.000
Inexecución	0
Recadación incerta	-35.000
Obrigas de exercicios anteriores (conta413/409)	0
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-86.000
Aportacións de capital a empresas públicas	0
Transferencias do Estado	0
Transferencias da UE	0
Reasignación de operacións	0
Investimentos de APP's	0
Resto de axuste	2.000
Capacidade / Necesidade de financiación	-403.231
% PIB	-0,7

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.19.

Dende o punto de vista da súa **distribución funcional**, tal como mostra o **cadro 1.2.20.**, a porcentaxe que representan as funcións relativas a Sanidade, Educación e Acción Social e Promoción Social é do 62% do orzamento de gastos, porcentaxe superior á acadada no exercicio anterior (59%). En relación ao orzamento 2014, destaca o incremento do 1% en Protección e Promoción Social, do 0,3% en Sanidade ou do 0,1% en Educación, de xeito que a suma destas políticas aumenta en máis de 19 millóns de euros. No extremo contrario, o gasto da función "Débeda Pública" redúcese en torno a 556 millóns de euros, un 26,8% menos que no exercicio 2014.

A comparación da evolución nos dous últimos exercicios dos créditos orzamentarios consignados para cubrir os servizos públicos fundamentais no conxunto das CCAA, mostra, tal como se observa no **cadro 1.2.21.**, que Galicia é a segunda Comunidade Autónoma que menos incrementa as partidas para Sanidade e Protección e Promoción social, e a terceira con menor incremento na partida de Educación, só superada neste caso por Aragón (-0,1%) e Canarias (0%).

Na análise dos **indicadores da actividade económico-financeira** de Galicia, tomaremos como indicadores básicos orzamentarios o aforro ou desaforro orzamentario, o saldo das operacións de capital e o resultado non financeiro do ano 2015 en relación ao ano 2014 (**cadro 1.2.22.**).

O aforro bruto sitúase no orzamento 2015 nos 310 millóns de euros, fronte aos 85 millóns do exercicio precedente, como consecuencia da mellora dos ingresos correntes, causada á súa vez pola mellora do cadro macroeconómico e polo aprazamento das liquidacións negativas a 20 anualidades. Galicia, xunto con Andalucía, Castela e León, País Vasco e A Rioxa, forma o grupo de Comunidades con aforro bruto positivo no seu proxecto orzamentario do ano 2015.

No que respecta ás operacións de capital, o saldo entre ingresos e gastos de capital foi negativo en 669 millóns de euros. Como consecuencia, o resultado non financeiro do orzamento 2015 é negativo en 359 millóns de euros.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2015 é de 403 millóns de euros,

Orzamentos da C.A. 2014-15: clasificación funcional

	2014		2015		15/14
	(en miles de €)	*(% sobre total)*	*(en miles de €)*	*(% sobre total)*	*(%)*
Sanidade	3.397.079,9	33,0	3.408.721,5	34,8	0,3
Educación	2.046.716,4	19,9	2.048.218,4	20,9	0,1
Protección e Promoción Social	565.293,9	5,5	571.207,7	5,8	1,0
Débeda Pública	2.071.115,1	20,1	1.515.100,6	15,5	-26,8
Resto de funcións / políticas	2.201.141,9	21,4	2.247.113,4	23,0	2,1
Alta dirección da C.A.	34.732,2	0,3	34.802,1	0,4	0,2
Administración xeral	55.051,6	0,5	63.404,8	0,6	15,2
Xustiza	110.214,1	1,1	114.183,6	1,2	3,6
Administración local	4.376,6	0,0	12.348,8	0,1	182,2
Normalización lingüística	7.079,9	0,1	6.740,2	0,1	-4,8
Protección civil e seguridade	19.562,2	0,2	33.585,4	0,3	71,7
Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	182.950,6	1,8	193.106,7	2,0	5,6
Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.143,4	0,0	4.143,7	0,0	0,0
Cultura	61.273,2	0,6	57.943,5	0,6	-5,4
Deportes	18.272,7	0,2	18.548,1	0,2	1,5
Vivenda	32.502,7	0,3	41.393,3	0,4	27,4
Outros servizos comunitarios e sociais	98.541,3	1,0	104.122,6	1,1	5,7
Infraestructuras	268.811,8	2,6	264.021,2	2,7	-1,8
Ordenación do territorio	17.275,8	0,2	16.340,4	0,2	-5,4
Promoción de solo para actividades económicas	44.050,6	0,4	43.619,1	0,4	-1,0
Actuacións ambientais	97.082,7	0,9	89.831,4	0,9	-7,5
Actuacións e valorzación do medio rural	115.068,7	1,1	137.091,4	1,4	19,1
Investigación, desenvolvemento e innovación	112.550,5	1,1	122.215,1	1,2	8,6
Sociedade da información e do coñecemento	88.677,3	0,9	85.687,4	0,9	-3,4
Información estatística básica	4.100,4	0,0	3.972,1	0,0	-3,1
Actuacións económicas xerais	27.929,2	0,3	27.368,8	0,3	-2,0
Actividades financeiras	84.687,3	0,8	93.246,9	1,0	10,1
Dinamización económica do medio rural	307.991,9	3,0	308.652,6	3,2	0,2
Pesca	78.482,7	0,8	53.895,8	0,6	-31,3
Industria, enerxía e minaría	38.213,1	0,4	39.895,8	0,4	4,4
Desenvolvemento empresarial	111.346,2	1,1	103.183,0	1,1	-7,3
Comercio	15.529,3	0,2	13.407,3	0,1	-13,7
Turismo	43.232,1	0,4	42.901,4	0,4	-0,8
Transferencias a entidades locais	117.411,8	1,1	117.460,8	1,2	0,0
Total	10.281.347,1	100,0	9.790.361,6	100,0	-4,8

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*; e Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.20.

tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria. Os axustes de contabilidade nacional pasan a ser negativos no presente exercicio pola minoración do axuste correspondente ás liquidacións negativas do sistema de financiamento, xa que ao aprazar dez anos máis a súa devolución, a comunidade autónoma pasa de devolver 206 millóns de euros ao ano a 85 millóns de euros anuais. Acadando o 0,7% do PIB para 2015, é dicir tres décimas menos, ou 172 millóns de euros de capacidade de endebedamento.

ORZAMENTO EXECUTADO PENDENTE

A débeda acumulada no ano 2014 en Galicia (referida ao cuarto trimestre de cada ano), segundo o avance do Banco de España, ascendeu ata 9.961 millóns de euros, o que representa o 4,2% da débeda total española. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia, cun incremento do 8,1% na súa débeda acumulada en relación ao ano anterior, é a terceira comunidade que rexistra un menor incremento por detrás de Navarra (1,9%) e o País Vasco (7,7%). No conxunto do Estado, o incremento experimentado foi do 12,9% (**cadro 1.2.23.**).

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2015: distribución funcional

	Sanidade		Educación		Seguridade, protección e promoción social		Débeda pública		Resto de funcións ou políticas	
		15/14		15/14		15/14		15/14		15/14
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Andalucía	8.413.908,3	2,5	6.584.442,1	2,5	2.856.413,0	1,5	2.642.963,8	-17,5	4.961.188,8	0,0
Aragón	1.588.676,9	-1,1	887.370,6	-0,1	319.318,0	5,8	815.332,3	-16,2	1.200.663,7	3,1
Asturias	1.487.118,6	0,7	722.331,7	0,5	491.685,6	5,3	473.980,0	1,0	750.988,1	16,5
Baleares	1.291.857,9	10,5	775.527,6	4,6	200.792,8	5,5	863.761,9	-10,1	879.514,7	11,4
Canarias	2.619.619,0	1,0	1.508.933,3	0,0	281.849,6	3,7	655.330,0	5,2	1.835.679,7	-3,8
Cantabria	788.821,6	0,3	492.266,8	1,2	210.612,7	0,2	400.242,8	4,8	608.087,7	4,5
Castela - A Mancha	2.384.736,2	1,4	1.443.472,4	1,7	758.163,6	1,9	1.682.393,7	5,6	1.139.536,7	7,9
Castela e León	3.252.486,4	2,3	1.809.320,6	2,1	708.079,9	3,1	1.079.036,0	-20,7	2.016.619,8	5,6
Cataluña	8.313.900,0	2,2	5.116.100,0	6,8	1.888.300,0	10,3	7.000.746,8	-11,1	7.001.982,1	12,0
Estremadura	1.376.952,0	6,1	1.019.533,5	2,8	419.227,8	9,6	479.307,6	10,1	1.471.801,7	11,8
Galicia	3.408.721,5	0,3	2.048.218,4	0,1	571.207,7	1,0	1.515.100,6	-26,8	2.193.130,4	2,1
Madrid	7.292.487,5	4,5	4.256.580,2	1,9	1.618.984,5	1,3	3.885.955,2	-15,0	3.798.501,3	12,5
Murcia	1.659.639,7	4,5	1.253.307,8	5,0	300.520,3	3,3	718.872,0	-14,7	709.868,3	17,8
Navarra										
País Vasco	3.384.678,4	4,5	2.485.758,8	1,0	633.015,1	15,7	989.517,4	21,4	3.102.989,4	3,5
A Rioxa	397.009,5	4,5	233.361,2	1,1	169.955,7	3,6	137.181,0	-1,2	332.187,2	1,4
C. Valenciana	5.480.479,5	4,5	3.991.316,7	2,1	852.247,9	18,6	5.003.005,9	17,4	1.864.369,6	4,4
Total sen Navarra	53.141.093,1	2,4	34.627.841,5	2,6	12.280.374,3	5,3	23.056.580,0	14,4	37.025.126,9	16,4

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.21.

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2015

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento a efectos S.E.C.	
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos-ingresos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional
		(en miles de €)			(en miles de €)	(en miles de €)	
Andalucía	333.681,8	-1.578.630,8	-1.244.949,0	-0,8	-1.336.901,8	-1.031.949,0	-0,7
Aragón	-29.923,1	-334.610,9	-364.534,0	-1,1	-365.122,7	-235.634,0	-0,7
Asturias	-36.331,9	-131.820,4	-168.152,2	-0,8	-192.682,7	-160.152,2	-0,7
Baleares	-58.566,3	-312.916,3	-371.482,5	-1,4	-446.486,5	-194.953,1	-0,7
Canarias	-188.979,5	-197.732,9	-386.712,4	-0,9	-423.306,9	-294.372,4	-0,7
Cantabria	-1.279,6	-123.343,1	-124.622,8	-1	-134.394,0	-89.502,8	-0,7
Castela - A Mancha	-314.051,5	-174.117,8	-488.169,3	-1,2	-488.036,4	-263.840,6	-0,7
Castela e León	83.687,2	-541.594,2	-457.906,9	-0,8	-727.520,2	-399.981,6	-0,7
Cataluña	-1.601.706,3	-151.957,8	-1.753.664,2	-0,9	-2.312.325,8	-1.439.849,2	-0,7
Estremadura	-182.458,9	-27.241,1	-209.700,0	-1,2	-209.701,0	-118.325,1	-0,7
Galicia	310.086,3	-669.317,6	-359.231,3	-0,6	-491.476,3	-403.231,3	-0,7
Madrid	-436.756,6	95.432,1	-341.324,5	-0,2	-1.766.791,0	-1.367.903,5	-0,7
Murcia	-163.743,9	-166.599,4	-330.343,3	-1,2	-331.233,3	-192.750,2	-0,7
Navarra							
País Vasco	239.453,8	-764.752,4	-525.298,6	-0,8	-579.674,0	-469.500,0	-0,7
A Rioxa	38.483,5	-134.689,6	-96.206,0	-1,2	-125.968,7	-45.356,0	-0,6
C. Valenciana	-428.372,7	-420.538,6	-848.911,3	-0,8	-863.354,5	-698.335,5	-0,7
Total sen Navarra	-2.436.777,5	-5.634.430,7	-8.071.208,2	-0,7	-10.794.975,7	-7.405.636,3	-0,7

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.22.

Débeda das CC.AA. 2013-14 (1)

	2013			2014		
	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB
	(en millóns de euros)	*(en euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(en euros)*	*(%)*
Andalucía	24.441	2.912,01	17,3	29.101	3.469,00	20,4
Aragón	5.369	4.011,78	16,3	6.010	4.514,38	18,1
Asturias	3.052	2.858,21	14,3	3.479	3.285,25	16,2
Baleares	6.884	6.201,16	26,2	7.774	6.966,94	29,3
Canarias	5.281	2.508,51	13,0	5.954	2.815,34	14,5
Cantabria	2.178	3.691,29	17,9	2.428	4.131,49	19,8
Castela e León	8.527	3.385,71	15,9	9.359	3.750,07	17,3
Castela - A Mancha	11.343	5.415,89	29,8	12.858	6.196,04	33,5
Cataluña	58.179	7.776,98	29,5	64.476	8.693,90	32,4
C. Valenciana	32.459	6.508,70	33,2	37.376	7.540,92	37,9
Estremadura	2.630	2.388,81	15,5	3.092	2.820,08	18,0
Galicia	9.212	3.335,30	16,8	9.961	3.625,84	18,0
Madrid	22.104	3.445,83	11,3	24.632	3.861,85	12,5
Murcia	5.543	3.791,42	20,6	6.838	4.677,78	25,2
Navarra	3.136	4.908,06	17,7	3.197	5.023,18	17,9
País Vasco	8.280	3.803,39	13,0	8.915	4.113,67	13,9
A Rioxa	1.143	3.587,13	14,8	1.296	4.111,38	16,6
Total	209.761	4.488,99	20,0	236.747	5.090,00	22,4

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.23.

En termos relativos, a relación entre o endebedamento e o PIB aumentou ata o 18%, sendo esta porcentaxe do 22,4% no conxunto do Estado. O endebedamento por habitante creceu tamén en relación ao período anterior ata acadar os 3.625,84 euros, situándose sen embargo, moi por debaixo da media estatal, que foi de 5.090 euros por persoa.

No que respecta aos indicadores económicos da recadación tributaria en Galicia, a recadación líquida total en Galicia creceu no ano 2014 un 2,1% respecto ao ano anterior, acadando os 5.776,8 millóns de euros, diminuíndo levemente o seu peso relativo no total estatal ata o 3,41%, (3,43% no exercicio precedente).

En termos absolutos, o **cadro 1.2.24.** indica que a recadación do IRPF acadou os 2.480,6 millóns de euros, e o imposto sobre sociedades os 1.164,5 millóns de euros, o que supón un incremento na súa recadación do 3,3% e do 7,5%, respectivamente, en relación ao exercicio 2013.

No que respecta aos impostos indirectos, o IVE acadou unha recadación no ano 2014 de 1.795,8 millóns de euros, o que supón case un 3% menos que no exercicio 2013, en torno a 55 millóns de euros menos.

O 94,2% dos ingresos tributarios do ano 2014 proceden da recadación destes tres impostos.

Proceso de converxencia

Tal como se sinala ao longo do presente capítulo, a economía galega pecha o exercicio de 2014 cun crecemento interanual do PIB do 0,4%, fronte ao crecemento medio estatal do 1,4%, aumentando, polo tanto, o diferencial existente. Así mesmo, a Contabilidade Rexional de España, base 2010 publicada polo INE mostra un crecemento estimado no ano 2014 do PIB pm e

Recadación tributaria 2008-14

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
				(en miles de euros)			
Total	5.721.873	4.353.681	5.331.313	5.631.468	5.697.996	5.657.277	5.776.817
Impostos directos	3.977.499	3.146.673	3.425.875	3.493.619	3.594.894	3.618.470	3.784.378
IRPF	2.593.708	2.318.211	2.474.395	2.546.849	2.520.793	2.400.542	2.480.599
Impostos sobre sociedades	1.323.945	783.595	894.619	881.073	1.002.345	1.083.480	1.164.526
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	43.033	55.338	64.763	68.525	82.136	86.513
Resto capítulo I	1.846	1.834	1.523	934	3.231	52.312	52.740
Impostos indirectos	1.699.985	1.163.701	1.852.449	2.082.302	2.043.107	1.965.784	1.916.711
IVE	1.560.234	1.034.573	1.733.370	1.965.785	1.918.208	1.850.903	1.795.844
Impostos especiais	49.707	44.259	35.142	37.666	44.343	46.299	32.354
Tráfico exterior	88.720	82.974	81.794	76.059	77.864	65.643	83.655
Taxas e outros ingresos	44.389	43.307	52.989	55.547	59.995	73.023	75.728

Fonte: Agencia Tributaria, *Recaudación tributaria*

1.2.24.

do PIB per cápita en Galicia do 0,5% e 0,3% respectivamente, e cunha taxa negativa de variación interanual do PIB pm a prezos correntes do –0.2%. A ralentización do impulso do sector exterior e os menores efectos da recuperación económica sobre a demanda interna en Galicia en comparación co resto do Estado, sitúan a nosa Comunidade na cola da recuperación económica en España.

En xuño de 2014 publicouse por parte da Comisión Europea o sexto Informe sobre a Cohesión Económica, Social e Territorial da UE.

Neste informe dáse conta do profundo impacto que a crise económica tivo nas rexións europeas, paralizando os procesos de converxencia rexional e aumentando os niveis de desemprego, pobreza e exclusión, cun maior impacto nas rexións menos desenvolvidas dos países máis afectados pola crise económica.

A política de cohesión europea, materializada a través da aplicación dos fondos "ESI" (Fondos Estruturais e de Investimento Europeos), está orientada a abordar as disparidades rexionais en termos económicos e a axudar na consecución dos obxectivos da Estratexia Europa 2020. Neste senso, cómpre salientar que no novo período de programación de Fondos, Galicia pasa a ser rexión desenvolvida, por ter acadado un PIB per cápita superior ao 90% da media europea no período 2007-2009, utilizado de referencia. Non obstante, a intensificación da crise económica afectou en maior medida ás rexións que partían dun PIB menor. Neste senso, no ano 2011, último dispoñible con información comparada entre rexións europeas, o Eurostat determina un PIB per cápita en Galicia do 87% da media europea en PPA (paridade de poder adquisitivo), fronte ao 92% do ano 2008.


• Converxencia coa media estatal

O peso da economía galega no PIB estatal baixa no ano 2014 ata o 5,16%, fronte ao 5,22% do ano anterior, acadando o valor máis reducido dende o ano 2004.

O PIB a prezos correntes no ano 2014 en Galicia sitúase en 54.212 millóns de euros, o que supón unha variación en termos nominais do –0,2% e en termos de volume do 0,4% respecto ao ano 2013. A nivel estatal, a variación do PIB en termos nominais acadou o 0,9% e en termos de volume o 1,4%.

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano o retroceso no proceso de converxencia coa media española, sendo Galicia unha das sete Comuni-

Participación da produción, a poboación e o emprego galegos (1) no total español 2008-14



(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta:30-03-2015); emprego: afiliados á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.25.

dades Autónomas que diverxen coa mesma. Este indicador acada en 2014, os 87,6 puntos (España=100), sete décimas inferior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2008, o PIB por habitante medra dende o 87,4% da media estatal ata o devandito 87,6%. Unha mínima converxencia que se produce polo efecto da caída da poboación.

Tras esta evolución, Galicia sitúase como a sexta Comunidade Autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, tan só por riba do rexistrado en Estremadura (69,1% do valor español), Andalucía (74,1%), Castela-A Mancha (80,4%), Murcia (81,3%) e Canarias (86%).

. ❑

• Converxencia coa media europea

Eurostat só ofrece datos (PIB regional comparado con UE-27) ata 2011. Pendentes de actualizar datos.





1.3.- Evolución demográfica

A negativa evolución demográfica galega mantén no último ano a mesma tendencia que exercicios anteriores, perpetuando o despoboamento, o avellentamento e a cada vez menor capacidade de recuperación demográfica en Galicia.

A 1 de xaneiro de 2014, Galicia tiña 2.747.226 residentes, o que representa o 5,91% da poboación española, un descenso en 7.997 persoas na poboación empadroada en Galicia no primeiro semestre do ano 2014, que foi resultado tanto da existencia dun saldo negativo dos movementos migratorios (–1.859) como do crecemento vexetativo negativo, con 6.138 defuncións máis que nacementos.

Dende o ano 2011, a poboación residente en Galicia descendeu en máis de 26.000 persoas, o que supón unha perda do 0,9% do total de poboación, mentres que no conxunto do Estado esta perda é do 0,3%. Por outra banda, a poboación maior de 65 anos pasa de representar o 30% do total no ano 2008 ao 32% no ano 2014, fronte ao 18% de media no Estado. Así mesmo a poboación con idade entre 15 e 39 anos pasa de ser o 33% do total no ano 2008 ata o 29% no 2014, fronte ao 32% de media en España. Esta negativa evolución demográfica en Galicia intensifícase coa crise económica, cunha redución do número de nacementos e un aumento das saídas cara ao exterior da poboación, en especial aquela que está na franxa de idade de ter fillos.

Estrutura da poboación

A partir do ano 2010, a poboación empadroada en Galicia cae ano a ano, acelerando a súa caída, ata acadar as 2.747.226 persoas no ano 2014, o que supón un 0,3% menos que no ano 2008 e un 0,5% menos que no ano 2013 (**cadro 1.3.1.**).

Catro Comunidades Autónomas perden poboación no período 2008-2014, sendo Galicia a cuarta en termos porcentuais e a terceira en perda absoluta de poboación, con 7.542 empadroados menos. Fronte á

perda de poboación en Galicia, no conxunto do Estado prodúcese un incremento en torno ao 2% no período 08/14, polo que se observa unha progresiva perda de peso da poboación galega no total (6% no 2008, 5,9% no 2014). Ampliando o período de análise, Galicia en 1990 representaba o 11% da poboación española. A crise económica favorece a moderación nas reducidas chegadas de inmigrantes a Galicia, así como o aumento das saídas tanto de estranxeiros como de galegos.

No último ano a caída de poboación afecta tanto a homes como a mulleres e ás catro provincias galegas, con perdas de case 5.200 habitantes na provincia de A Coruña, en torno aos 3.600 habitantes menos en Ourense e 3.000 menos en Pontevedra e Lugo.

Historicamente, as perdas de poboación en Galicia concentrábanse nas provincias de Lugo e Ourense, que eran compensadas polos incrementos poboacionais das provincias de A Coruña e Pontevedra. Sen embargo, tal como se observa no **gráfico 1.3.2.**, ata o ano 2010 en Galicia (2011 en Pontevedra e A Coruña) mantéñense niveis de crecemento reducidos da poboación que, a partir de ese ano, pasan a ser negativos.

Polo tanto, a dinámica de decrecemento poboacional en Galicia nos últimos anos non é homoxénea en termos xeográficos, observándose contrastes salientables non só entre as provincias occidentais e as do interior, senón tamén a nivel comarcal e municipal. Dunha banda, as provincias de Pontevedra e A Coruña presentan un aumento da poboación empadroada entre 2008 e 2014, fronte ao acusado descenso en Ourense e Lugo, con caídas superiores a once mil e dez mil persoas, respectivamente. Non obstante, se o período que se considera é 2013/2014, os datos amosan un descenso na poboación nas catro provincias

1 de xaneiro

	Total	Homes
Andalucía	8.393.159	4.156.114
Aragón	1.338.308	665.667
Asturias	1.067.802	511.932
Baleares	1.110.115	556.558
Canarias	2.105.232	1.049.616
Cantabria	590.037	288.734
Castela e León	2.518.528	1.247.634
Castela-A Mancha	2.094.391	1.055.770
Cataluña	7.480.921	3.684.886
C. Valenciana	4.987.017	2.472.023
Estremadura	1.100.968	547.833
Galicia	2.761.970	1.335.964
A Coruña	1.138.494	548.031
Lugo	344.845	167.629
Ourense	325.389	157.223
Pontevedra	953.241	463.081
Madrid	6.414.709	3.086.686
Murcia	1.461.987	735.550
Navarra	638.949	317.845
País Vasco	2.177.006	1.059.971
A Rioxa	318.639	158.540
Ceuta	84.534	43.323
Melilla	83.619	43.113
Total	46.727.890	23.017.758
Galicia / España (%)	5,91	5,80

Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.1.


galegas, máis acusado en valores absolutos na provincia de A Coruña.

En consonancia, o **cadro 1.3.3.** amosa como no ano 2014, ao igual que en 2013, o descenso da poboación galega prodúcese tanto nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, Occidental e Oriental, na provincia de Lugo; e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) como na Galicia interior. No ano 2013, a Galicia occidental-costa presenta, por primeira vez, un descenso no número de persoas empadroadas.

Poboación de dereito nas CC.AA. a 1 de xaneiro de 2014

de 2013		Poboación a 1 de xaneiro				14/13		
Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
4.237.045	95,8	8.388.875	4.150.474	4.238.401	95,8	-4.284	-5.640	1.356
672.641	28,0	1.331.301	661.103	670.198	27,9	-7.007	-4.564	-2.443
555.870	100,7	1.058.975	507.151	551.824	99,9	-8.827	-4.781	-4.046
553.557	222,4	1.115.841	558.631	557.211	223,5	5.726	2.073	3.654
1.055.617	282,7	2.114.845	1.053.149	1.061.695	284,0	9.613	3.533	6.078
301.303	110,9	587.682	287.479	300.203	110,4	-2.355	-1.255	-1.100
1.270.894	26,7	2.495.689	1.235.495	1.260.194	26,5	-22.839	-12.139	-10.700
1.038.621	26,4	2.075.197	1.044.756	1.030.441	26,1	-19.194	-11.014	-8.180
3.796.035	233,0	7.416.237	3.641.654	3.774.584	230,9	-64.684	-43.232	-21.451
2.514.994	214,4	4.956.427	2.452.723	2.503.704	213,1	-30.590	-19.300	-11.290
553.135	26,4	1.096.421	545.452	550.969	26,3	-4.547	-2.381	-2.166
1.426.006	93,4	2.747.226	1.328.373	1.418.853	92,9	-14.744	-7.591	-7.153
590.463	143,2	1.133.330	545.343	587.987	142,5	-5.164	-2.688	-2.476
177.217	47,4	341.822	166.048	175.774	47,0	-3.023	-1.581	-1.443
168.166	33,0	321.801	155.401	166.400	32,7	-3.588	-1.822	-1.766
490.160	212,1	950.273	461.581	488.692	211,4	-2.968	-1.500	-1.468
3.328.023	792,1	6.378.297	3.065.576	3.312.721	787,6	-36.412	-21.110	-15.302
726.437	129,2	1.461.803	734.055	727.749	129,2	-184	-1.495	1.312
321.104	61,5	636.450	315.935	320.515	61,3	-2.499	-1.910	-589
1.117.035	300,9	2.167.166	1.053.089	1.114.077	299,5	-9.840	-6.882	-2.958
160.099	63,2	315.223	156.245	158.979	62,5	-3.416	-2.295	-1.120
41.211	4.449,2	84.674	43.259	41.415	4.456,5	140	-64	204
40.506	6.432,2	83.870	42.864	41.006	6.451,5	251	-249	500
23.710.132	92,3	46.512.199	22.877.461	23.634.738	91,9	-215.691	-140.297	-75.394
6,01		5,91	5,81	6,00				

Evolución demográfica 1998-2014 (1): distribución provincial



(1) 1998=100

Fonte: INE e Aldrey Vázquez, José A. (2014) *Galicia, ¿un país sen xente nova?: tendencias demográficas actuais e futuras*

1.3.2.


Poboación residente 2002-14 (1): distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2002	2008	2013	2014	Poboación 2014 (2)		
					Menores 16	De 16 a 64	65 e máis
					(% sobre poboación)		
Total	2.696.818	2.754.768	2.761.970	2.747.226	12,6	63,8	23,6
A Coruña	1.096.079	1.128.599	1.138.494	1.133.330	12,8	64,3	22,9
Lugo	357.303	352.633	344.845	341.822	10,4	61,2	28,4
Ourense	338.166	332.808	325.389	321.801	10,4	59,6	30,0
Pontevedra	905.270	940.727	953.241	950.273	14,0	65,5	20,5
Galicia occidental costa	1.889.550	1.955.170	1.977.828	1.970.680	13,4	65,0	21,6
Galicia interior	807.268	799.598	784.142	776.546	10,6	60,6	28,8
Sete grandes cidades	956.361	971.769	980.010	976.614	13,4	65,2	21,4
Vigo	280.703	287.922	289.069	288.046	14,0	66,0	20,0
A Coruña	236.420	240.765	242.283	241.135	12,7	64,3	23,0
Ourense	107.526	104.830	105.080	104.447	12,8	63,4	23,7
Lugo	88.459	93.924	97.311	97.133	13,8	65,9	20,3
Santiago de Compostela	90.231	93.140	95.937	96.089	13,4	66,8	19,9
Pontevedra	75.077	77.648	80.200	80.505	15,2	66,4	18,5
Ferrol	77.945	73.540	70.130	69.259	11,8	62,5	25,7
Concellos segundo tamaño							
> 10.000 hab.	1.783.621	1.863.510	1.918.073	1.891.841	13,9	65,5	20,6
5.000 a 9.999 hab.	427.792	427.903	383.720	402.292	12,0	62,7	25,3
1.500 a 4.999 hab.	437.793	402.873	391.765	377.017	8,3	58,0	33,7
< 1.500 hab.	47.604	60.484	68.409	76.077	5,8	53,9	40,4


(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
(2) datos do padrón
Fonte: IGE, *Cifras de poboación*

1.3.3.

Poboación residente 2004-14 (1)




Poboación residente na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2004-14 (1)



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: IGE, *Cifras de poboación*

1.3.4.

Poboación residente 2002, 2008, 2013 e 2014 (1): distribución segundo tamaño dos concellos



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: IGE, *Cifras de poboación*

1.3.5.

O 35,5% da poboación galega atópase concentrada nas sete grandes cidades. A poboación total destas urbes descende novamente no ano 2014 con respecto ao ano anterior, se ben entre os anos 2008 e 2014 a súa poboación medra en conxunto en case 4.900 persoas. No último ano só as cidades de Pontevedra e Santiago de Compostela incrementan levemente a súa poboación, con 305 e 152 habitantes máis, respectivamente, fronte ás perdas de máis de mil habitantes das cidades de Vigo ou A Coruña. Dende o ano 2008, o incremento poboacional máis significativo entre estas sete cidades corresponde a Lugo, cunha medra do 3,4% (3.209 persoas máis), por diante de Santiago de Compostela, cun 3,2% (2.949 habitantes) e Pontevedra, cun 3,7% (2.857 persoas) . No extremo oposto sitúase Ferrol, que experimenta unha perda de poboación de case 4.300 persoas, o que significa o 5,8% menos de poboación.

Atendendo ao tamaño dos concellos, no conxunto dos 56 municipios galegos que a 1 de xaneiro de 2014 contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes residen 1.891.841 persoas, o que supón o 68,9% do total da poboación de Galicia. No período 2008–14, os concellos que neses anos contaban con máis de 10.000 habitantes presentaron unha medra de 28.000 persoas, pasando o seu peso relativo dende o 67,6% ata o devandito 68,9% de 2014 (66,1% no ano 2002). Sen embargo, estes concellos, no ano 2014, en relación ao ano anterior, perden máis de 26.000 habitantes.

Os datos do **cadro 1.3.5.** reflicten o descenso poboacional nos concellos cun tamaño entre 1.500 e 4.999 habitantes, fronte á recuperación de poboación que no último ano experimentan os concellos entre 5.000 e 9.999 habitantes e os de menos de 1.500 habitantes. Os concellos de 1.500 a 4.999 habitantes perden 14.800 veciños no último ano, un 3,8% da súa poboación total. Por contra, os concellos entre 5.000 e 9.999 habitantes incrementan a súa poboación en 18.500 persoas, un 4,8% máis de poboación.

O incremento máis significativo en termos porcentuais é o experimentado pola poboación dos concellos de menos de 1.500 habitantes, que incrementan a súa poboación un 11,2% no último ano, 7.700 persoas em-

Poboación residente en Galicia 2013: distribución segundo grao de urbanización dos concellos

	Concellos	Poboación	% poboación	% superficie
Zonas densamente poboadas	10	939.463	34,0	2,2
Zonas intermedias	61	925.204	33,5	10,8
Z.I. altas	26	641.594	23,2	5,7
Z.I. baixa	35	283.610	10,3	5,1
Zonas pouco poboadas	244	901.273	32,6	87,1
Z.P.P. altas	21	223.445	8,1	8,2
Z.P.P. intermedia	32	201.067	7,3	10,8
Z.P.P. baixa	191	476.761	17,2	68,1

Fonte: IGE

1.3.6.

padroadas máis. No período 2008-2014 estes concellos incrementan a súa poboación en máis de 15.500 persoas, acollendo, os 69 concellos galegos que en 2014 tiñan menos de 1.500 residentes empadroados, o 2,8% da poboación galega.

A desagregación provincial da análise dos datos do tamaño dos concellos reflicte non só a redución, nas catro provincias galegas agás Lugo, da poboación empadroada en concellos de máis de dez mil habitantes, senón tamén a elevada concentración da poboación pontevedresa nestes concellos. A un de xaneiro de 2014, estes concellos acollen o 82,2 % da poboación empadroada na provincia, porcentaxe moi superior á que presentan Lugo e Ourense, co 50,2% e 52,8%, respectivamente.

Asemade, cómpre salientar o elevado peso relativo que na provincia de Ourense ten a poboación residente en concellos con menos de 2.000 habitantes. En Ourense no ano 2014 existen 62 concellos con menos de 2.000 habitantes, que acollen ao 23,3% da poboación da provincia, un 2,6% máis que no ano anterior. Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas empadroadas, o 40% da poboación de Ourense e o 37% da de Lugo está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 16% en Galicia e tan só 12,6% no conxunto do Estado.


O Instituto Galego de Estatística, baseándose en estándares europeos, establece unha clasificación do grao de urbanización dos concellos galegos, entendendo por grao de urbanización o tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural, establecendo tres categorías:

– zonas densamente poboadas (ZDP): áreas locais de densidade superior a 500 hab./km^2 e unha poboación total de alomenos 50.000 habitantes).

– zonas intermedias (ZIP): áreas locais que non pertencen ás ZDP, con densidade de poboación superior a 100 hab./km^2 e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente).

– zonas pouco poboadas (ZPP): áreas locais que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.

O **cadro 1.3.6.** reflicte que os 10 concellos que se clasificacan como ZDP (A Coruña, Ferrol, Oleiros, Ourense, Cangas, Marín, Moaña, Pontevedra, Redondela e Vigo) acollen o 34% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2013, cando a súa superficie supón o 2,2%. Un 33,4% dos empadroados en Galicia residen nas ZIP (o 10,8% da superficie galega) e o restante 32,6% da poboación, nas ZPP (o 87,1% do territorio). Comparado coa situación no ano 2009, a poboación empadroada tan só medra nas zonas intermedias, descendendo tanto no caso das zonas



Fonte: *Elaboración propia a partir de datos IGE*

1.3.7.

densamente poboadas como no das zonas pouco poboadas.

• Composición por idades

A evolución demográfica en Galicia, caracterizada por incrementos moito máis reducidos de poboación que na media do Estado, así como, a partir do ano 2011, por perdas de poboación, xunto a un saldo vexetativo marcadamente negativo, deriva nunha poboación cunha elevada idade media e con índices reducidos de persoas novas.

A idade media en Galicia no ano 2014 é de 45,7 anos, fronte aos 41,8 anos de media no conxunto do Estado, e tan só superada por Asturias (47,3 anos) e Castela e León (46,3 anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes en todas as Comunidades Autónomas, situándose en Galicia en 47,3 anos de media no caso das mulleres e 44,1 anos no dos homes (42,9 e 40,7 anos en España, respectivamente).

No que respecta á estrutura da poboación por idades, que se amosa no **cadro 1.3.8.**, un 11,9% da poboación residente en Galicia o un de xaneiro de 2014 é menor de 15 anos, un 29 % ten unha idade comprendida entre os 15 e os 39 anos e un 35,5% ten entre 40 e 64 anos. O restante 23,5% da poboación estaría conformado por persoas maiores de 65 anos. Comparando con outras CC.AA., Galicia é a segunda, xunto con Asturias, por detrás de Castela e León, cunha maior porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre o total de poboación (ter-

Poboación residente nas CC.AA. a 1 de xaneiro de 2014: distribución segundo grupos de idade

	Total	Grupos de idade				
		0-14	15-39	40-64	>65	>85
				(%)		
Andalucía	8.388.875	16,52	33,44	34,11	15,94	1,94
Aragón	1.331.301	14,23	30,07	35,05	20,65	3,62
Asturias	1.058.975	11,01	27,42	38,04	23,54	3,99
Baleares	1.115.841	15,47	34,76	34,82	14,95	1,99
Canarias	2.114.845	14,52	34,08	36,78	14,62	1,57
Cantabria	587.682	13,65	29,57	36,92	19,86	3,38
Castela e León	2.495.689	12,17	28,06	36,09	23,68	4,48
Castela-A Mancha	2.075.197	15,63	32,88	33,43	18,06	3,09
Cataluña	7.416.237	15,96	31,50	34,53	18,01	2,76
C. Valenciana	4.956.427	15,31	31,58	34,96	18,16	2,37
Estremadura	1.096.421	14,29	31,58	34,55	19,57	2,98
Galicia	2.747.226	11,96	29,00	35,49	23,55	3,77
Madrid	6.378.297	15,85	32,70	34,95	16,51	2,44
Murcia	1.461.803	17,67	34,49	32,93	14,90	1,93
Navarra	636.450	15,71	30,58	34,97	18,74	3,15
País Vasco	2.167.166	14,10	28,05	36,93	20,93	3,15
A Rioxa	315.223	14,93	30,35	35,10	19,61	3,38
Ceuta	84.674	21,08	36,23	31,75	10,94	1,06
Melilla	83.870	23,60	36,23	30,36	9,81	1,13
Total	46.512.199	15,19	31,72	34,94	18,15	2,68

Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.8.

Poboación residente 2008-14 (1): distribución segundo grupos de idade

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Total	2.754.768	2.767.474	2.772.457	2.773.415	2.771.916	2.761.970	2.747.226
0-14	315.099	318.593	322.245	325.245	327.926	329.029	328.472
15-39	920.907	909.193	891.455	871.412	849.659	823.893	796.646
40-64	923.304	935.066	945.572	953.116	961.380	970.808	975.092
>65	595.460	604.623	613.185	623.641	632.953	638.241	647.016

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.9.


ceira no caso da poboación maior de 85 anos, sendo o seu peso relativo do 3,8% da poboación total galega).

Dende principios do século XX, a poboación maior de 65 anos en Galicia medra ao mesmo ritmo que diminúe o número de residentes menores de 16 anos. Así, no ano 1900 a poboación menor de 16 anos representaba o 42% da poboación total, sendo os maiores de 65 o 6% da poboación; no ano 2014, a porcentaxe de poboación maior de 65 anos é do 24% e a de menores de 16 anos só do 13%.

Sendo apreciable a perda de poboación nova en Galicia, os datos da evolución da poboación de 15 a 39 anos mostran (**cadro 1.3.9.**) como dende o ano 2008 a perda de poboación en Galicia concéntrase neste grupo de idade, con case 125 mil habitantes menos. O saldo vexetativo negativo e as saídas de poboación minguan considerablemente o grupo de poboación con maiores taxas de fertilidade, o que contribúe a perpetuar o chamado "inverno demográfico" galego.

Fronte á redución do grupo de idade entre 15 e 39 anos, a evolución dos restantes gru-

Poboación residente 2004-14 (1): distribución segundo grupos de idade



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.10.


pos de idade mostra taxas de variación positivas, sendo o incremento máis acusado, no citado período 2008-2014, o experimentados polo grupo de maiores de 65, cun 8,7%.

Do mesmo xeito, a perda de poboación sufrida por Galicia no último ano (14.744 habitantes menos) concéntrase na poboación entre 15 e 39 anos (27.247 persoas menos) e na poboación menor de 15 anos, con 557 persoas menos, o que contribúe a acentuar o xa moi elevado envellecemento da poboación galega.

Graficamente, o **cadro 1.3.11.** mostra o peso relativo da poboación maior de 85 anos, que representa en 2014 o 4% da poboación total, un punto porcentual más que no ano 2008. A poboación maior de 65 anos representa en Galicia o 24% da poboación total, fronte ao 18% no conxunto do Estado.

A nivel provincial, destaca como a principios do século XX a provincia de Ourense era a provincia galega con menor porcentaxe de persoas maiores de 85 anos (5,04%) e maior porcentaxe de persoas menores de 16 anos (42,9%), pasando a ser no ano 2014 a que ten maior porcentaxe de persoas maiores de 85 anos (30%) e a porcentaxe máis reducida de menores de 16 anos (10,4%). Entre as causas desta negativa evolución están, sen dubida, os procesos de

Poboación residente en Galicia e España 2008-14 (1): estrutura segundo grupos de idade



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Cifras de población*


1.3.11.

emigración acumulados nesta provincia (**cadro 1.3.12.**).

A análise da distribución da poboación por grandes grupos de idade e tamaño dos municipios amosa a devandita heteroxeneidade territorial. Dunha banda, mentres que no conxunto de Galicia a poboación que ten máis de 65 anos representa en torno ao 24% (menos do 20,6% nos concellos de máis de 10.000 habitantes), nos municipios máis pequenos máis do 40% da súa poboación ten máis de 65 anos, situándose esta porcentaxe no 33,7% nos concellos cunha poboación entre 1.500 e 4.999 empadroamentos. Nos concellos máis pequenos a poboación menor de 16 anos sitúase case sete puntos porcentuais por baixo da rexistrada no conxunto de Galicia (5,8% e 12,6%, respectivamente). O 60% dos concellos galegos teñen menos dun 10% de poboación moza e só un 23% dos concellos galegos superan o 12,5% de poboación menor de 16 anos.

Segundo sinala J.A. Aldrey *[José Antonio Aldrey Vázquez: "¿Galicia, un país sen xente nova? Tendencias demográficas actuais e futuras"]*, no período 1960-2013, 236 concellos galegos, o 75% do total, perden poboación, correspondendo o 25% restante ao eixo atlántico urbano, as dúas capitais pro-

Poboación 1900-2014: distribución segundo provincia e grupos de idade



Fonte: INE e Aldrey Vázquez, José A. (2014) *Galicia, ¿un país sen xente nova?: tendencias demográficas actuais e futuras*

1.3.12.

vinciais orientais e algunhas vilas con dinámicas económicas propias. No dito período, o 41% dos municipios galegos diminúen máis do 50% da súa poboación, porcentaxe que ascende ata o 61% no caso da provincia de Lugo e ao 68% en Ourense.

Esta tendencia de concentración da poboación na franxa atlántica urbana parece acelerarse nos últimos anos. Así, no período 2000-2013, o 74% dos concellos galegos perden poboación. Neste período os territorios con peor comportamento son os localizados nas serras orientais, Dorsal Meridiana, as comarcas centro-occidentais coruñesas e a Costa da Morte, concentrándose o crecemento poboacional nas áreas periurbanas das principais cidades (Ames, Soutomaior, Porriño, Salceda de Caselas, Barbadás e San Cibrao das Viñas).

Como reflicte o devandito **cadro 1.3.3.**, das sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra e Vigo son as que presentan as maiores porcentaxes de persoas menores de 16 anos (15,2% e 14%, respectivamente). As menores porcentaxes no caso das persoas de 65 e máis anos corresponden novamente a Pontevedra e a Santiago de Compostela (18,5% e 19,9%, respectivamente). Por contra, na cidade de Ferrol so o 11,8% da poboación ten menos de dezaseis anos e case un 26% supera os 65 anos.

Atendendo á devandita clasificación dos concellos segundo o seu grao de urbaniza-

Poboación estranxeira residente e poboación total en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2014

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
							(%)
Galicia	94.326	47.919	46.406	2.747.226	1.328.372	1.418.853	3,4
A Coruña	33.660	16.366	17.293	1.133.330	545.342	587.987	3,0
Lugo	12.947	6.664	6.283	341.822	166.048	175.774	3,8
Ourense	13.868	7.137	6.731	321.801	155.401	166.400	4,3
Pontevedra	33.851	17.752	16.099	950.273	461.581	488.692	3,6
España	4.677.059	2.381.273	2.295.786	46.512.199	22.877.461	23.634.738	10,1
				(%)			
Galicia / España	2,0	2,0	2,0	5,9	5,8	6,0	
A Coruña / Galicia	35,7	34,2	37,3	41,3	41,1	41,4	
Lugo / Galicia	13,7	13,9	13,5	12,4	12,5	12,4	
Ourense / Galicia	14,7	14,9	14,5	11,7	11,7	11,7	
Pontevedra / Galicia	35,9	37,0	34,7	34,6	34,7	34,4	

Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.13.

ción, a zona máis rural de Galicia é a que presenta unha poboación máis envellecida, cunha media de idade que no ano 2012 era de 52,1 anos, case sete anos máis que a media galega.Nas zonas densamente poboadas a idade media sitúase nos 44 anos e nas zonas intermedias está por baixo dos 43 anos.

• Movementos migratorios

Ata comezos da década de 1980, os saldos migratorios en Galicia foron negativos. En concreto a partir do ano 1983 as chegadas de inmigrantes a Galicia superaban as saídas. Esta situación mantense ata o ano 2012, a partir do que, ata a actualidade, rexístranse, novamente, saldos migratorios negativos na nosa Comunidade Autónoma.


A 1 de xaneiro de 2014 en Galicia residían un total de 94.326 estranxeiros, nove mil persoas menos que no ano anterior, un descenso do 8,8%, fronte á caída media no Estado do 7,8% (**cadro 1.3.13.**). A poboación estranxeira representa o 3,4% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 10,1% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal, situándose como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo, por detrás de Estremadura (3,3%). Na Comunidade galega tan só reside o 2% dos estranxeiros residentes no Estado español.

En termos absolutos, as provincias de Pontevedra, con 33.851 persoas, e A Coruña, con 33.660, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Atendendo ao seu peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 4,3% da súa poboación total, seguida de Lugo co 3,8%. As provincias de Pontevedra e A Coruña, co 3,6% e 3% respectivamente, sitúanse tamén preto da media de Galicia.

O descenso de 14.744 persoas residentes en Galicia no ano 2014, en relación ao ano anterior, ven explicado non só polo descenso da poboación de nacionalidade española (5.692 persoas) senón fundamentalmente, pola caída do número de estranxeiros empadroados en Galicia (9.052 persoas). Este descenso apréciase nas catro provincias galegas, sendo máis acusado o que se produce na provincia de Pontevedra, con 1.546 estranxeiros menos, seguida de A Coruña con 1.474 menos.

No que respecta á nacionalidade de orixe dos estranxeiros residentes en Galicia,

Saldo migratorio externo 2008-14 (1)



(1) os datos de 2014 son provisionais e corresponden ao 1º semestre
Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.14.

Poboación residente a 1 de xaneiro de 2014: distribución segundo nacionalidade e orixe

	Poboación		
	Total	Nacionalidade	
		española	non española
	2.747.226	2.652.900	94.326
Lugar de nacemento			
España	2.652.900	2.531.677	121.223
Resto UE	39.472	1.559	37.913
Resto Europa	2.138	105	2.033
África	12.093	1.397	10.696
América			-
América do Norte	1.830	102	1.728
América Central e Caribe	6.807	165	6.642
América do Sur	27.310	526	26.784
Asia	4.508	541	3.967
Oceanía	135	1	134

Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.15.

cadro 1.3.15., do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2014, o 44,1% procede do continente europeo e un 38,1%, do continente americano, dos que un 76% procederían de América do Sur. O 12,8% e o 4,9% restantes serían de nacionalidade africana e procedentes de Asia e Oceanía, respectivamente. Comparado coa situación no ano anterior, aumenta tres puntos porcentuais o peso relativo dos estranxeiros procedentes de Europa, descendendo máis de dous puntos no caso do continente americano.

No ano 2014 aumenta en Galicia o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 121.223 persoas. Atendendo á súa distribución segundo continentes, o 64,6% da poboación procedente de América do Sur e residente en Galicia, 53.464 residentes, ten a nacionalidade española, situándose esta porcentaxe no 46%, 29.551 persoas, no caso da Unión Europea (agás España).

No primeiro semestre de 2014 o saldo migratorio exterior mantense negativo, ao igual que no conxunto do ano anterior.

Movementos migratorios con terceiros países 2013-14 (1): distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	2013			2014		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	8.414	12.300	-3.886	4.196	4.865	-669
Españois	1.777	3.727	-1.950	900	1.874	-974
0-14	132	526	-394	83	244	-161
15-39	276	1.511	-1.235	151	853	-702
40-64	717	973	-256	353	471	-118
>65	652	716	-64	315	306	9
>85	39	65	-26	20	33	-13
Estranxeiros	6.637	8.573	-1.936	3.296	2.991	305
0-14	1.244	703	541	600	267	333
15-39	3.570	5.079	-1.509	1.757	1.788	-31
40-64	1.526	2.504	-978	811	830	-19
>65	297	288	9	127	106	21
>85	29	12	17	20	4	16

(1) os datos 2014 son do primeiro semestre
Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.16.

Indicadores demográficos das CC.AA. no primeiro semestre de 2014 (1)

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo
		exterior	interior	
Andalucía	8.388.875	1.657	-3.102	5.107
Aragón	1.331.301	-847	-136	-1.559
Asturias	1.058.975	-444	-801	-3.322
Baleares	1.115.841	1.319	3.599	981
Canarias	2.114.845	4.275	1.196	219
Cantabria	587.662	-284	-217	-786
Castela e León	2.495.689	-978	-4.198	-5.582
Castela-A Mancha	2.075.197	-2.754	-4.570	-682
Cataluña	7.416.237	-19.314	941	2.819
C. Valenciana	4.956.427	-6.953	-296	40
Estremadura	1.096.421	-513	-1.136	-1.185
Galicia	2.747.226	-669	-1.190	-6.138
Madrid	6.378.297	-18.865	7.577	9.601
Murcia	1.461.803	-1.243	675	2.563
Navarra	636.450	-836	215	195
País Vasco	2.167.166	-2.339	1.943	-727
A Rioxa	315.223	-760	-314	-87
Ceuta	84.674	-176	-214	335
Melilla	83.870	-704	30	489
Total	46.512.199	-50.426	0	2.280


(1) datos provisionais
Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.17.

Como se aprecia no **cadro 1.3.16.**, no primeiro semestre do ano tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países superan ao volume de entradas rexistradas.

No que ás migracións cara terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2014 un total de 4.196 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia, en tanto que 4.865 persoas abandoaron a Comunidade Autónoma galega con destino a outros países. Como resultado, o saldo migratorio negativo no primeiro semestre do ano sitúase en 669, cifra case tres veces inferior á rexistrada en todo o ano anterior (–1.804).

Segundo os datos de migracións exteriores do INE, o fluxo de entrada en Galicia no pri-



Fonte: INE e IGE

1.3.18.

meiro semestre de 2014 componse de 6.564 persoas de nacionalidade española e 4.196 de nacionalidade estranxeira. Doutra banda, das 4.865 persoas residentes en Galicia que marcharon cara a terceiros países no primeiro semestre do ano 2014, 2.530 tiñan nacionalidade española. Deste xeito, o saldo migratorio negativo das persoas de nacionalidade española é de 1.162 e positivo en 493 persoas o saldo migratorio das persoas estranxeiras, fundamentalmente polo saldo positivo das persoas procedentes de Centroamérica e Caribe.

No que atinxe aos movementos entre comunidades autónomas, o saldo migratorio interautonómico para Galicia é negativo. Os datos provisionais correspondentes ao primeiro semestre de 2014 indican que este é de −1.190 cando no conxunto do ano anterior foi de −151. O rango de idades cun saldo migratorio interautonómico máis negativo é o comprendido entre 20 e 40 anos (−1.061 persoas menos no primeiro semestre de 2014).

Como reflicte o **cadro 1.3.17.**, xunto ao saldo migratorio negativo Galicia presenta, ao igual que no ano 2013, o saldo vexetativo negativo máis elevado de todas as CC.AA. A evolución conxunta dos movementos migratorios e do crecemento vexetativo perpetúan o inverno demográfico galego, agravado polos efectos demográficos da crise económica: menores nacementos, menos entradas de inmigrantes e máis saídas, en especial, de aquelas persoas en idade de ter fillos.

Movemento natural da poboación

A continua caída da taxa de natalidade, pese ao pequeno e feble ascenso na década dos 2000, na que non participan as provincias de Ourense e Lugo, e o incremento progresivo da idade media nunha sociedade moi envellecida, condicionan a existencia dun crecemento natural cada vez máis negativo dende o ano 2008 (**cadro 1.3.18.**), agravado pola emigración de mozos en idade de ter fillos.

Na última década, o crecemento vexetativo mantívose sempre en valores negativos, rexistrándose no ano 2013 un total de 10.700 defuncións máis que nacementos, o que sitúa á comunidade galega como a que presenta o segundo saldo vexetativo negativo máis acusado, por detrás de Asturias (−5,69) e cun nivel semellante a Castela e León (−3,86). Os datos definitivos do ano 2013 reflicten un saldo negativo superior ao

do ano anterior (–10.706 fronte a –9.782 do ano anterior), resultado dun descenso do 6,4% no número de nacementos e dun descenso do 1,4% no caso das defuncións.

A interdependencia entre natalidade e a xa mencionada estrutura poboacional condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 7,17 nacementos por cada 1.000 habitantes. Se a isto se lle une a existencia dunha taxa bruta de mortalidade superior a 11 falecidos por cada 1.000 habitantes, pódese concluír a existencia en Galicia dun proceso de marcada recesión demográfica.

Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, a taxa de nacementos ten unha evolución positiva no período 2003-2008, acadando neste último ano o seu nivel máis elevado, con 8,5 nacementos por cada 1.000 habitantes. A partir do ano 2008 ata o ano 2013 a taxa de nacementos baixa case un punto, situándose en 2013 nun nivel similar ao do ano 2000. A taxa de mortalidade en Galicia ascende no ano 2013 ata as 11,05 defuncións por cada 1.000 habitantes, o que supón a segunda taxa máis elevada de toda a serie considerada.

O número de persoas nacidas de nai española no ano 2013 descende un 6% en relación ao ano anterior e un 14,2% dende o ano 2008, pasando de 21.381 a 18.335 nacementos no ano 2013. No caso dos nacementos de nai estranxeira, caen un 11,2% en relación ao ano anterior e un 22,4% dende o ano 2008, pasando de 1.794 no ano 2008 a 1.392 no último ano. ❑